



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta do pleno anterior (30/10/2019)

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que no punto sexto “Rogos e preguntas”, non recolle na súa intervención o sentir desa felicitación ao grupo de goberno. Quería facer valer o cumprimento da palabra trala petición do grupo municipal do PSdeG-PSOE en reiteradas ocasións sobre ese tema. O que quixo dicir, foi que “quería felicitalos e agradecerlle que dera cumprimento á súa palabra despois de solicialo o grupo do PSdeG-PSOE en varias ocasións”.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre desafectación de ben inmovible en Pousada de Arriba – Vedra.

Acórdase a retirada deste punto da orde do día.

3º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da escola infantil municipal de Vedra.

Dáse conta do informe favorable da comisión de asuntos xerais do día 25/11/2019.

Dona Susana García, do PP, di que era necesaria a modificación do regulamento de réxime interno da escola infantil municipal porque o anterior era do ano 2010 e estaba obsoleto e tiñan o requirimento de inspección para levar a cabo a reforma.



Fíxose o máis amplo posible, recollendo, ao seu parecer, todas as situacións que se poden dar. Ten o visto e praxe de inspección. Se se aproba en pleno, despois ten que pasar o visado do departamento de familia e menores de Servizos Sociais.

Respecto ao tema da matrícula que comentaba dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE na comisión informativa que non lle parecía correcto, di que na maioría dos concellos cobran unha matrícula. Pon como exemplo os concellos de A Baña, Betanzos, Cariño, Miño, Mugar dos (135 €/ano) etcétera, algúns deles gobernados polo PSdeG-PSOE.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que revisando o regulamento viu que ademais deses 50 € de matrícula, existen outras subidas que aínda son máis abusivas se cabe. As tarifas están reguladas polo Decreto 49/2012 modificadas o 10/05/2017. Ás tarifas propiamente ditas que regulan a economía das familias non ten nada que obxectar, pero a modificación do 10/05/2017 elimina uns descontos que antes tiñan as familias. Agora non hai descontos por familia numerosa, por familias monoparentais nin cando hai irmáns no centro. Pregunta se o grupo de goberno as quitou porque tamén o fixo a Xunta.

Dona Susana García, do PP, replica que se establecen unas tarifas conforme ás tarifas autonómicas. Poderíase estar cobrando unha tarifa conforme ao decreto municipal, que son máis elevadas, e non se fixo. É máis, os últimos anos non se subiu o incremento do IPC e conxeláronse as tarifas. Afirmo que ningún neno ou nena que non poida pagar a gardería vai quedar sen ela; nin sequera terá que pagar a matrícula. Cun informe de Servizos Sociais eses nenos ou nenas non ter que pagar nada e así está contemplado no regulamento. Recomendalle que o lea mellor.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que igual que quitan os descontos, porque os quitou a Xunta de Galicia, na Xunta non soben os 50 € de matrícula. Nin na rede de escolas infantís da Xunta de Galicia nin do Consorcio galego de igualdade e benestar teñen eses 50 € de matrícula; teñen cero euros, e moito menos “no caso de asistencia en media xornada aplicárase o incremento do 20% en relación á tarifa de xornada completa”. Pon o exemplo de unha media de 112 € a xornada completa, págase 56,06 € que era o que se pagaba antes. Agora co incremento do 20% sumaríanse 11,20 € mensuais, o que vén sendo uns 134 € máis os 50 € anuais de matrícula son 184 €, que multiplicados polos tres anos de media que un neno ou nena vai á Escola infantil municipal supón un incremento de 553,20 € por neno. Pregunta que lle parece iso.

Dona Susana García, do PP, replica que lle parece o mesmo que lle parece ao resto de concellos gobernados polo PSdeG-PSOE onde se aplica o mesmo.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que eles están en Vedra, non en Negreira, A Baña ou calquera outro concello e miran polos veciños de Vedra.

Dona Susana García, do PP, afirma que o servizo que se ofrece na Escola infantil de Vedra non ten comparación co que ofrecen outros concellos. En Vedra garántese un servizo de calidade. Con respecto ao que manifestou dona Raquel Sangiao sobre o incremento do 20% di que debería saber que se se ocupa unha praza a media xornada impide que outro menor a xornada completa a poida ocupar.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, replica que teñen preferencia os alumnos de xornada completa.



Dona Susana García, do PP, pon de manifesto que esta escola infantil é a única que permite o goteo constante de admisión de nenos. Noutras non se permite, co cal permítese a entrada dun neno ou nena en xaneiro ou marzo a xornada completa. Se quedan prazas inclúense os de media xornada, e senón non se inclúen. Entón, dalgunha maneira teñen que ter preferencia os da xornada completa, e isto faise para conciliar a vida familiar coa vida laboral.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, segue mantendo que a suba parécelle abusiva, sobre todo nun concello onde a renda dispoñible bruta por habitante no 2016 foi de 13.557 €, por debaixo da media galega segundo datos do Instituto galego de estatística. A taxa bruta de natalidade deste concello é de 6,27 e o número medio de fillos por muller non chega nin ao un. A idade media da muller ando ten o primeiro fillo é de 34 anos. Di que o grupo de goberno ten unha política de natalidade nefasta.

Por outro lado gustaríalle saber se fan algún tipo de seguimento aos nenos ou nenas que se dan de baixa durante o curso escolar, porque o mes pasado deuse de baixa un alumno e coñece os motivos despois de falar coa familia.

Dona Susana García, do PP, di que ese control o leva a empresa que xestiona o servizo e rógalle que non se ría e que teña un pouco de respecto.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, replica que quen ten que controlar á empresa é o grupo de goberno.

Dona Susana García, do PP, volve salientar que todas as familias que non teñan ingresos non van pagar. Respecto dos que teñan unha media de 13,000 € de ingresos, váiselles cobrar proporcionalmente, non se lles vai cobrar a tarifa máxima.

Por outro lado, nas escolas privadas págase o triplo do que se vai pagar aquí. Non van pagar todos 169,26 €, porque a maioría, nunha porcentaxe moi elevada, non pagan ou pagan unhas tarifas moi baixas. Iso vai en relación ao IPREM de cada familia.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que os 50 € non van polo IPREM de cada familia, senón que os van pagar todo o mundo.

Dona Susana García, do PP, corrixe a dona Raquel Sangiao, dicindo que eses 50 € non os van pagar as familias que non poidan, e así vén recollido no regulamento. Cun informe do Departamento de servizos sociais, eses cartos non se pagan. É máis, moitos dos nenos e nenas que ingresaron na gardería foi porque o departamento de servizos sociais llo pediu. Ese departamento está pendente dos nenos ou nenas que deben ir á gardería debido ás circunstancias persoais e familiares, e eses non pagan a matrícula.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que lle gustaría que se levara un control dos nenos que marchan e sobre todo dos que non renovan a matrícula. Hai moita xente que marcha da gardería de Vedra para a de Lestedo polo mal ambiente que existe coas traballadoras. Ela mesma tivo moitos problemas con esa escola infantil. Recórdalle a dona Susana Lema que debe facer o seu traballo,

Intervén a Presidencia para aclarar que quen fai o seguimento das persoas é a traballadora social. A responsable do servizo é a traballadora social e se queren esa



información deben preguntar no Departamento de servizos sociais, e aí verán se poden facilitar esa información ou non.

En calquera caso, quedan bastante claras e definidas as posturas do grupo de goberno e do PSdeG-PSOE.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que quen debe controlar a empresa é o concello e xurdiulle unha dúbida cando dixo que os que teñen o informe do Departamento de servizos sociais non pagan. Pregunta que ocorre cos que están no límite e non teñen ese informe.

Por outro lado, dille a dona Susana García que é moi apta para este traballo, pero pouco para a política. Cre que na política municipal deben parecerse a aqueles que fan ben as cousas, independentemente do partido que sexa.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA manifesta a súa conformidade co grupo socialista respecto do tema das tarifas. Para el a tarifa dos 50 € é inútil e a función que pretende o grupo de goberno non cre que a acade. Cre que nun concello como Vedra, que perde poboación, e que este é un servizo básico, debería pensar en que fose gratuíto este servizo. O concello está nun grave problema porque dentro duns meses vai quedar sen 200.000 € polo descenso da poboación.

Respecto ao tema do servizo que presta, di que ten coñecidos con limitacións económicas que tiveron que pagar íntegra a cota, e a outras persoas con empresas saíulles gratis.

Por outro lado, recorda que teñen un edificio nun estado penoso, cheo de humidades e que precisa dunha intervención inmediata. Solicita que revisen e actúen no edificio da escola infantil.

A Presidencia di que son conscientes de que o edificio precisa esa intervención.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, sinala que esa intervención tiña que estar recollida nos orzamentos do 2020 e non está. É algo que llo levan dicindo cinco anos.

Posto a votación o citado regulamento, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

4º.- Aprobación, se procede, do Orzamento Municipal para o exercicio 2020.

Dáse conta do informe da comisión especial de economía e contas do día 25/11/2019 , no que examinado o expediente que contén o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vedra para o exercicio económico de 2020, que presenta o Sr. Alcalde, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real decreto 500/1990 e do art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, proponse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2020 por importe de 4.306.652, 60 euros de acordo co seguinte detalle:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Estado de gastos

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
	• OPERACIONES CORRENTES	
CAPÍTULO I	Gastos de persoal	1.433.328,00 €
CAPÍTULO II	Gastos correntes e bens e servizos	2.127.917,95 €
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	4.000,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	133.920,00 €
	Total operacións correntes	3.699.165,95 €
	• OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI	Investimentos reais	552.486,65 €
	Total operacións de capital	552.486,65 €
	TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS (2.1+2.2)	4.251.652,60 €
	2.OPERACIONES FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	40.000 €
	TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS	15.000 €
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	4.306.652,60 €

Estado de ingresos

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
	1. OPERACIONES CORRENTES	
CAPÍTULO I	Impostos directos	1.296.000,00 €
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	40.000 €
CAPÍTULO III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	496.000,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	2.137.498,00 €
	Total operacións correntes	3.969.498,24 €
	2. OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	322.154,36 €
	Total operacións de capital	322.154,36 €
	TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS (1.1+1.2)	4.291.652,60 €
	2.OPERACIONES FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000 €
	TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS	15.000 €
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	4.306.652,60 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Aprobar o anexo de persoal no que se inclúe o cadro de persoal e as actualizacións das súas dotacións económicas conforme a relación de postos de traballo (RPT) do Concello.

4º.- Aprobar o anexo de investimentos.

5º.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

6º.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o



texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

En cumprimento do previsto no artigo 21.6 do Real decreto 500/1990, o orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2020 terá o seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

A Presidencia di que como cada orzamento é un proxecto. É un presuposto que ten vida propia e a final de ano o importante é a liquidación dese orzamento.

Concretamente no tema das inversións, neste orzamento non figura o arranxo da gardería, pero iso non quere dicir que non se poida executar ese arranxo durante o ano que vén.

É un proxecto marcado polo control do gasto, especialmente nos investimentos, pero para o grupo de goberno é unha prioridade manter os servizos que presta o concello e a súa calidade.

Os ingresos están moi axustados á realidade; tan axustados que está convencido de que van ser superiores, con independencia das transferencias de capital, e os ingresos extraordinarios van ser máis dos que están previstos no orzamento.

Por outro lado, poden chamar a atención algunhas cuestións, como por exemplo, non estar presupostado o tema da Risga, PEL, APROL RURAL. Cando o concedan incorporárase o crédito e o gasto correspondentes.

No que se refire ao tema dos gastos, di que os gastos correntes mantéñense en termos xerais cos seus prudentes incrementos.

En canto ás inversións, non só vai haber inversións por importe de 500.000 €. Calcula que será sobre 1.000.000 € de inversión, pero ese control de gasto é fundamental facelo para poder cumprir coas obrigas fiscais legais. Tal e como explicou a técnica económica do concello, a medida que se vaian adxudicando as obras irán incorporando crédito para licitar as seguintes obras. Polo tanto, aínda que hai obras que non aparecen no orzamento, pero foron aprobadas no POS, iso non quere dicir que non se executen no ano que vén. De feito, comezan agora con unha de abastecemento en Sete e Argunte e outra de sumidoiros en Romarís. Unha vez licitadas procederase coas seguintes, e a intención é licitalas todas no ano 2020, aínda que vaian a un ritmo máis pausado. Hai outras obras, como a depuradora en Vedra, nas que xa está o proxecto de gasto feito e está incorporado no orzamento do 2019. Cando se adxudique incorporárase a este orzamento o que é o gasto.

Cre que máis importante que o orzamento é analizar a liquidación do mesmo que é onde se ve se cumpriron as previsións de gastos, ingresos, inversións, etcétera.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que lle pareceu correcta a explicación, con terminoloxía técnica e cumprimento dos mandatos legais, etcétera, pero cre que non deberían quedarse na cuberta dos orzamentos.

Os orzamentos mostran unha falta de proxecto do PP por Vedra e pon de manifesto a falta de interese porque Vedra medre e mellore.

Facilítalle unha serie de números que reflicten a forma de pensar que ten o PP respecto de Vedra. Di que parten dun orzamento que baixa 360.000 € o que indica unha falta de interese por mellorar o concello. Tamén atrasan 56.000 € de exceso de gasto, que se ben é certo que pode que non inflúa na realización de obras, si que vai producir que se



apracen obras previstas para o ano 2020, como é o caso da segunda fase do velódromo de Vedra.

No que se refire ao servizo de extinción de incendios, o gasto diminúe un 25%, o que indica a falta de compromiso do goberno local na loita contra os incendios.

Respecto ao plan de urbanismo, as inversións baixan en 20.000 €. Pregunta que pasa co polígono industrial e cando van convocar a comisión informativa relativa ao mesmo.

Nas vías públicas o recorte é brutal, xa que recorta o investimento en infraestruturas á metade, de 426.000 € a 236.000 €,

A partida de medio ambiente baixa máis de 28.000 €, cando moitos dos veciños do concello viven do campo e da natureza e máis do 80% da extensión do concello está composta por natureza. Pregunta que actuacións concretas teñen previstas para a loita contra a especie invasora da vespa velutina. Dende a proposta do grupo do PSdeG-PSOE “Unha camelia, unha trampa” non se volveu facer nada nese sentido.

En canto ao que se refire á asistencia social, a el persoalmente gústalle que baixe a inversión en servizos sociais, porque iso significa que hai menos persoas que precisan dos seus servizos. Máis ou menos mantense, aínda que lle resulta estraño que haxa unha suba de 30.000 a 52.500 euros en gastos diversos. Gustaríalle saber a que se debe esa subida.

No fomento do emprego, cre que este ano se vai realizar o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra, xa que aparecen gastos como alugamento de maquinaria (8.000 €), mantemento de maquinaria (2.000 €), mantemento de infraestruturas (18.500 €). Pregunta a que se refiren eses gastos.

En temas de educación baixan máis de 30.000 €. pregunta a que se debe a baixada en axudas a familias e institucións sen ánimo de lucro. Ademais, segundo os orzamentos pasan de investir 24.000 € noutros anos a investircero euros en novos edificios. Suxire que se metan 20.000 € para o arranxo da gardería.

En canto á biblioteca, supón que os 12.000 € será o salario da persoa encargada. O ano pasado movéronse de partida e agora volven aparecer.

En promoción da cultura e turismo observa que hai máis de 20.000 € menos en turismo, dos cales case 3.000 € se recortan nas axudas a familias e institucións sen ánimo de lucro, cando neste concello existe un tecido asociativo enorme. Pregunta por que se reducen estas axudas.

En promoción do deporte hai unha baixada de 40.000 €. supón que é debido a que este ano se investiu no cambio do céspede dos campos de fútbol. Gustaríalle saber porque se baixaron 4.000 € en axudas a familias e instalacións sen ánimo de lucro.

Di que lle sorprende o presupostado para os órganos de goberno. Parece que non hai cartos para o concello e para os veciños e si os hai para que o Sr. Martínez e o Sr. Vázquez se suban o salario 6.000 € e 3.500 € respectivamente. Ademais diso, non se esquece do gran beneficiario desta suba e das eleccións municipais, que é o Sr. González do PP. De non cobrar nada pasa a cobrar máis de 20.000 € ao ano por unha xornada do 75%. Isto demostra para que se meteu en política. Pregunta cales son as competencias desta dedicación e en calidade de que, operario, concelleiro ou as dúas. Di que sairía máis rendible contratar un operario a xornada completa.

Tamén pregunta que vai facer o Sr. Vázquez, do PP, con tan poucas obras ao quitarlle as obras de abastecemento e saneamento.

Na comisión informativa o Alcalde dicía que o salario do Sr. González é un investimento e que o tempo xa o demostraría. O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE opina que investimento sería usar os 80.000 € que vai cobrar o Sr. González na lexislatura en obras. Todo isto cheira mal. Inventan unha concellería de abastecemento e



saneamento, algo que podería asumir perfectamente a concellería de obras, para unha ou dúas obras que se fan ao ano. Pregunta que cambiou dende xuño ata hoxe. Tamén pregunta se puxeron á Presidencia contra as cordas e tivo que pagar unha dedicación ou era xa unha condición sine qua non para entrar na candidatura do PP e se soben a gardería para pagar os gastos desa dedicación.

Sinala que esa non é a maneira de apostar polo público; apostar polo público seguramente sexa cando o PSdeG-PSOE governe na Xunta de Galicia e faga gratuíta a educación de 0-3 anos.

Con esa nova concellería e dedicación xa pode quedar todo o concello de Vedra co abastecemento e saneamento feito nos próximos catro anos.

Por outro lado, o Sr. Alcalde dixo que sería a súa última lexislatura e espera que sexa verdade. Pregunta se pode xustificar unha suba de 500 € ao mes para o Sr. Alcalde e duns 300 € para o Sr. Vázquez, ao que xa lle tardaba a xubilación de María Jesús.

No ano 2004 o PP criticaba ao goberno de Vedra nese momento, do PSdeG-PSOE, por pasar dunha dedicación de 21.000 € de gasto a dúas dedicacións con 39.000 € de gasto. Pregunta se tres dedicacións lles parecen poucas ou moitas e se 83.000 € ao ano son moitos ou poucos. Pasaron de 52.500 € que se investían anteriormente en órganos de goberno a 82.000 €.

Como dicían hai anos “faremos máis con menos”. Está de acordo: farán os petos máis grandes e menos pola xente de Vedra.

En resumo, no ano 2020 o concello de Vedra recorta 21.177,05 € en urbanismo, 189.578,35 € en vías públicas, 28.300 € en medio ambiente, 31.395 € en educación, 21.022,12 € en cultura e turismo e 42.707,95 € en deporte. É dicir, reduce en 334.000 € os investimentos para o vindeiro ano ao que hai que sumarlle os 156.000 € de exceso de gasto do 2019 que producen un atraso nas obras.

O resto das partidas quedan máis ou menos iguais, excepto a de saneamento na que aumentaron 60.000 €. Gustaríalle saber como lle van explicar aos veciños de Vedra que non hai cartos para urbanismo, educación, medio ambiente, etcétera e si hai cartos para subirse os salarios, ata o punto de ter que aprazar obras para o ano que vén.

Para rematar a súa intervención, di que nesta lexislatura o Sr. Alcalde vaise embolsar 140.000 €; o Sr. Vázquez 108.000 € e o Sr. González 81.000 €; o que fai un total de 329.000 €. Roga que informen aos veciños disto, porque se o fai o PSdeG-PSOE ao mellor non lles gusta.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que o orzamento é unha ferramenta política e é a máxima expresión da opción política de quen o constrúe.

Á parte do que comentou o grupo do PSdeG-PSOE, neste orzamento hai unha serie de cuestións que o teñen sorprendido.

Pregunta se existe algún cambio de criterio na elaboración dos orzamentos, xa que hai unha serie de obras no POS Adicional que non figuran. Entendeu as explicacións da técnica económica sobre o acondicionamento de espazo verde (117.000 €), abastecemento en Afós (59.000 €), ampliación de abastecemento en Laraño (68.000 €). Non entende iso de que existan cartos latentes, sobre 200.000 € en total, que non se poden contabilizar e que se van liberando e integrándose dentro do orzamento a medida que as obras se vaian executando.

Pregunta se o grupo de goberno se ve capaz nun ano de ir pechando e abrindo todas estas fases, rezando para que a parte que ten que poñer o concello quede cuberta coas baixas temerarias das empresas.



Respecto do incremento salarial, resúltalle un insulto que nun concello que vai baixar dos 5.000 habitantes haxa tres dedicacións. Hai unha frase do expresidente Mújica que di “si te gusta mucho la plata hay que correrlo de la política, meterlo en el comercio, la industria, que es donde se multiplican las riquezas”. O problema de Vedra é máis complexo, porque as tres membros do goberno municipal que van percibir esas retribucións xa percorreron ese camiño; é dicir, xa fracasaron no mundo dos negocios antes de entrar en política. Tiñan negocios decadentes antes de entrar en política e agora usan a política para vivir ou que vivan os seus negocios dela. Non é casualidade que o Sr. Alcalde faltara á súa palabra e iniciase unha terceira lexislatura, que xestione un bufete de avogados tendo unha dedicación exclusiva e que pague anuncios en festas parroquiais sen pudor. Todos saben que na anterior lexislatura houbo unha concelleira que cubriu a cotización á seguridade social os seus últimos anos ata a xubilación. Os tres fóra da política non son nada, ningún escoitou falar de Friedman, da escola de Chicago, etcétera. A iso chámase mercenarios. Se viviran en Andalucía serían do PSOE, en Euskadi do PNV ou de JxCAT en Cataluña.

A maioría dos veciños asinarían isto, e a algúns dos que lles axudaron nas listas e formaron parte delas, non lles gusta nada o que están a facer.

Por último, e como desagravio a uns días do 25N, di que non entende como son capaces de mirarlle á cara á exconcelleira de obras. Pregunta como lle explican que para facer o traballo que ela fixo durante catro anos necesitan agora dous homes e 47.000 € e se é necesario duplicar e incrementar en 25.000 € o traballo que ela fixo durante catro anos.

A política non é unha profesión, non é un traballo.

Pregunta se son conscientes de que o Sr. González, coa súa dedicación parcial vai cobrar máis có salario base.

A Presidencia di que case fixeron o debate do seguinte punto da orde do día, polo que lles vai contestar no seguinte punto e dar a versión do grupo de goberno.

Sinala que si hai un cambio de criterio na elaboración dos orzamentos, xa que é a primeira vez que a técnico económica fai os orzamentos á súa maneira e por iso hai eses axustes. Existen eses cambios de criterios contables. Por exemplo, en asistencia social había un traballador que antes estaba aí e agora está noutro sitio, porque probablemente antes estivera mal computado. Houbo unha reorganización de persoal laboral, funcionario, etcétera e incluso de axudas. Había axudas para escolas de música que antes estaban no ámbito social e agora están no ámbito educativo.

Quere deixar claro que non hai recorte de ningún tipo en axudas de ningún tipo, e que nas axudas e gastos para manter os servizos non existen recortes.

Probablemente esas dúas baixadas se deban a eses dous movementos: primeiro ao cambio de criterio contable e segundo, se se compara co orzamento do ano pasado, probablemente nalgúns aspectos estaban mal calculados.

Este é un documento base do que a partires de agora se pode ir vendo onde incrementar ou baixar.

Sinala que debido a ese cambio de criterio contable o que cambia é o capítulo das inversións que non aparecen reflectidas nel. Todas as inversións que están aprobadas vanse executar e a idea é licitalas no 2020. Que se poidan executar todas depende doutros factores como a climatoloxía (as obras de asfaltados xa adxudicadas non se poden facer chovendo).

Cando falan de órganos de goberno di que as cifras están aí, pero no cómputo global non sube tanto; pasan de 113.000 € a 132.000 €.



Intervén o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, para dicir que o seu grupo expresa a súa postura en canto aos órganos de goberno, porque non saben se no seguinte punto teñen que dar acordo, informar ou dar conta.

En canto a que os orzamentos da técnica económica van ser o punto de partida, pregunta se xa dá por suposto que a Srta. Nerea vai ser a técnica funcionaria do concello de Vedra e se non vai sacar esa praza.

A Presidencia replica que é a primeira vez que esta técnica fai os orzamentos deste xeito. Evidentemente cando se vexa a liquidación do mesmo farán as valoracións oportunas. Existen moitas liñas de subvención que non están incluídas no orzamento.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, recorda que non pasa de 113.000 € a 132.000 €, porque o ano pasado había un erro e son 104.000 €; polo tanto soben 25.000 €.

Independentemente de se merecen ou non o salario, que para el non o merecen, di que el se meteu en política para traballar por e para os veciños e sacar ao PP de Vedra do goberno. O tema é a ética, algo que cre que o grupo de goberno non ten. Vedra está igual ca hai vinte anos e non teñen un proxecto para Vedra.

Pregunta se lle parece ético subirse o salario e se lle parece ético poñer agora dúas persoas co dobre de salario para facer o traballo que antes facía unha soa persoa.

É consciente de que están no seu dereito, mesmo de cobrar tres dedicacións exclusivas por 45.000 € cada unha; pero porque o permita a lei non quere dicir que estea ben eticamente. Volve preguntar se lle parece ético, e no caso de que sexa así pide explicación de por que.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, di que é estraño que baixando tanto os orzamentos debido ao descuberto do ano anterior, xusto a partida que máis sobe sexa a dos órganos de goberno. Ela vén a traballar polos veciños de Vedra, e mesmo viría sen cobrar igual ca outros membros da corporación, pero parécelle que hai xente que só lle interesa cobrar.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia para rematar di que cre que aquí veñen todos a traballar polo concello e non vai entrar na discusión de se é ético ou moral.

Dará a versión do grupo de goberno respecto a isto no punto correspondente. Recorda que el estivo traballando polo ben dos veciños en moitos sitios e lugares, sen cobrar, mesmo poñendo cartos do seu peto, e non pon en dúbida que moitos dos que están no pleno tamén o fagan.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.


5º.- Réxime de dedicacións.

Propóñense as dedicacións coas retribucións para o exercicio 2020, que deseguido se indican:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



EXCLUSIVAS	RETRIBUCIÓN ANUAL
ALCALDE-PRESIDENTE (D. Carlos Martínez Carrillo)	35.000,20
2º. TENENTE DE ALCALDE (D. Enrique Vázquez Martínez)	27.000,12
PARCIAIS (75%)	
CONCELLEIRO DE SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO. DESENVOLVEMENTO RURAL (D. José Manuel González Couto)	20.250,09

A Presidencia di que vai intentar contestar á argumentación que fixeron os grupos da oposición no punto anterior respecto dos salarios do Sr. Alcalde e do concelleiro de obras.

Di que cando entraron no goberno no ano 2011 existía, a parte da crise económica, unha reivindicación sindical en relación aos salarios do persoal. Nese momento chegouse a un acordo cos sindicatos CCOO e UXT para intentar acadar os obxectivos de todos os empregados municipais.

Acadar eses obxectivos e o compromiso cos sindicatos levou dúas lexislaturas. A Presidencia consideraba que o salario do Alcalde de Vedra non era acorde co traballo e a responsabilidade que asumía, pero iso quedaba para discutir e no momento no que se acadaran os obxectivos co persoal. Chegado ese punto, agora mesmo hai dez persoas no concello que cobran máis có Sr. Alcalde, e non teñen as funcións e responsabilidades deste. Coa proposta da suba do salario hai catro ou cinco que cobran máis có Sr. Alcalde e outros están nun nivel similar. Na mesa sindical deron o seu visto e praxe respecto dos gastos do persoal aos orzamentos e o tamén aos salarios do Sr. Alcalde e concelleiro de obras.

O novo salario son 35.000 € brutos. Ata o de agora era un dos salarios máis baixos da comarca e de Galicia. Recorda que o Ministerio ten establecido que o seu salario podería ser de 47.100 € e considera que non está fóra de contexto. Coincide co salario do Alcalde de Boqueixón que baixou de 40.000 a 35.000 €. Noutros concellos similares como Negreira, gobernado polo PSdeG-PSOE, é de 38.000 € ou Zas, gobernado polo BNG-AA, 41.000 €. Parécelle un salario razoable.

Outro tema é a dedicación parcial do 75%. Iso é unha decisión política, e para o grupo de goberno é unha inversión e non un gasto que espera poder demostrar máis pronto ca tarde. O obxectivo con esta dedicación é impulsar e estender a auga nas redes secundarias e terminais. Tiñan que esperar ao orzamento do 2020 porque antes non se podía facer. Por outro lado, está convencido que a dedicación do 75% terá máis horas de traballo semanais cás 37,5 horas, e por suposto non se lle vai pagar a ninguén por non facer nada.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que non lle parece ben os soldos dos políticos aínda que sexan cargos de moita responsabilidade. Cre que un soldo de 35.000 € para un concello de 5.000 habitantes é demasiado.

Sinala que o gasto por habitante en órganos de goberno pasa de nove a dezaseis euros e o que quere saber o seu grupo é que cambiou para que se subiran o salario. Segundo el, antes non podían subilo debido á crise e ao acordo cos sindicatos, e agora poden. Isto demostra que se meteron en política para gañar cartos.



Investir en persoas non é crear tres dedicacións exclusivas e dicir que se van facer moitas cousas. Investir en persoas é mellorar os servizos públicos, crear emprego, facer que a xente veña vivir a Vedra con mellores servizos básicos e infraestruturas.

Recorda que Vedra é un concello de 5.000 habitantes, e pasar de 50.000 a 83.000 € de gasto en órganos de goberno, parécelle excesivo.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia o voto en contra do seu grupo.

Sobre o tema do salario dos alcaldes, recorda que hai 55 concellos en Galicia nos que non hai ningunha dedicación exclusiva e algúns deles teñen entre 12.000 e 36.000 habitantes.

Respecto a que haxa dez persoas que cobren máis có Alcalde, cre que é normal, porque esa xente traballa e xera plusvalías. A Presidencia ten un cargo electo, non traballa.

A queixa do seu grupo non é pola cantidade, é porque o que lles prima son os cartos e a oportunidade. Di que a dedicación parcial é unha inversión e pensan que como o Sr. González Couto non pode traballar coa escavadora para o concello porque está prohibido por lei, o que está dicindo é que lle van pagar unha dedicación para que poida saltarse a lei, e conceden unha dedicación parcial para que poida traballar por fóra.

Pregunta ao Sr. Secretario se isto non é unha fraude de lei.

A Presidencia solicítalle ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, que lle diga aos alcaldes do BNG-AA que cobran o mesmo. Pregunta cal é a diferenza entre que cobre un alcalde do BNG-AA e un do PP.

Replica o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, que non dixo que non cobrara por ser un cargo electo. Non entendeu o que lle dicía. Dixo que o que lle molesta é a oportunidade.

A Presidencia responde que o BNG-AA parte de que xente do PP son malas persoas per se e corruptas. Está a dicir que isto o tiña que facer hai oito anos. A explicación é que dende o 2011, sempre estiveron de acordo cos sindicatos en que o salario do Alcalde non era acorde ao que tiña que ser. A postura da Presidencia foi que o Alcalde sería o último en adaptar o salario. Esa é a explicación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que non lle importa a cantidade, nin lle interesa. O que lle interesa é o que rodea ao proceso, a oportunidade. Séguelle parecendo un delirio cobrar unha dedicación exclusiva tendo un oficio por fóra.

Respecto ao traballo que fixo neses oito anos, di que dá para un longo debate. Se saca as misas, enterros e xantares, so lle quedan as viaxes. Di que traballa moito, pero se cadra non é o traballo axeitado. Pregunta se sabe canto tempo levan sen ter unha sesión plenaria cando lle corresponde. Iso acontece porque está decote de viaxe.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas formuladas por escrito polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



-- Sobre se existe algún tipo de expediente de contratación coa empresa Droguería-Ferretería El Sol, di que non existe ningún expediente de contratación nin con ese comercio en concreto nin con outro local, con independencia de que todo o que poida ser subministrado por unha empresa ou comercio local, así se fai.

--Sobre a relación que ten con dita empresa, di que coa empresa non ten ningún tipo de relación nin participación ou interese económico. Todo o mundo sabe que esa empresa é de seu irmán e esa é a razón pola que sempre se abstivo na aprobación das facturas relacionas coa mesma.

--Respecto ao importe das facturas di que:

No ano 2015, no concepto multiaplicación, que é o material diverso subministrado para os distintos departamentos e edificios do concello (moitas veces relacionados cos edificios da zona, colexio de Ortigueira, campos de fútbol, estación tren, ou obras pola zona), o importe é de 6.653,18 €.

No ano 2016, no mesmo concepto, 6.011,14 € e no que se refire a obradoiro de emprego, rehabilitación nave estación 6.020,40. Total: 12.031,51 €.

No ano 2017: multiaplicación, 10.546,66; obradoiro de emprego, 1.051,81; e servizo municipal de augas, 10.105,70. Total: 21.704,17 €.

No ano 2018: multiaplicación, 11.144,52; obradoiro de emprego, 2412,53; servizo municipal de augas, 27.383,45. Total: 40.940,50 €.

No ano 2019, ata o día de celebración da sesión plenaria: multiaplicación, 5.951,03; servizo municipal de augas 17.777,71. Total: 23.728.74 €.

Di que están a falar dun comercio de longa traxectoria e recoñecido prestixio, onde dende a época socialista e anteriores, o concello sempre mercou materiais ao igual que o fixo e segue facendo noutros comercios e subministradores locais.

Quere aclarar que nunca ordenou, nin dixo, nin deu instrucións nin suxeriu ao persoal do concello, directa ou indirectamente, que foran a ese establecemento. En todo caso, coñecidos estes datos, agora a raíz desta pregunta, solicitou un informe a secretaría-intervención.

-- Sobre o motivo polo que non se encontra a acta da sesión plenaria do 30/10/2019a disposición dos concelleiros, a Presidencia di que foi enviada o luns. Ás veces a acumulación de tarefas do persoal municipal determina priorizar. O máis interesado en que estea a acta canto antes é o Sr. Alcalde para poder ver os rogos e preguntas.

-- Respecto á localización do audio do pleno na páxina web, di que foi un erro que xa está corrixido.

-- Sobre o audio do pleno que non se escoita ben, di que foi debido ao fallo dun micrófono e que xa está arranxado.

-- Respecto ao informe sobre o pendello feito polo Sr. González Couto, do PP, di que solicitou por escrito un informe urbanístico. Aínda non o fixeron debido á sobrecarga de traballo. Di que serán os primeiros en saber o que di ese informe.



-- Respecto do anuncio nas festas patronais, di que o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, non o entendeu o outro día. Si respondeu, só que é unha pregunta recorrente en cada legislatura e remitiu á resposta dada na sesión plenaria do 23/09/2015. Están as actas na páxina web do concello e poden consultarse. En calquera caso ratifícase no que dixo no seu momento.

“Con respecto ao feito de que o seu nome figure nunha placa dun bufete de avogados, xunto con outros catro -antes figuraba de primeiro e agora de último- ten unha explicación moi sinxela; posto que está nunha situación absolutamente semellante á de excedencia mentres sexa alcalde. É a súa garantía de que cando deixe a política poderá volver ocupar o sitio nese bufete, e máis transparencia imposible, e supón que aos veciños de Vedra lles agrada saber que non precisa da política para colocarse nalgún sitio. Tiña traballo antes de entrar en política e volverá ao mesmo cando a abandone. Polo tanto que figure o seu nome nesa placa non significa que estea a exercer a avogacía de forma efectiva nestes momentos.”

Polo tanto, si que fundou un bufete de avogados no ano 98, no cal, dende que é alcalde non está exercendo, porque entre outras cousas a alcaldía require 24 horas ao día e sete días á semana. O día que deixe a alcaldía volverá exercer a avogacía. O feito de que el non exerza de avogado non quere dicir que non exista ese despacho no que traballan outros compañeiros.

O presidente da comisión de festa pediulle colaboración para as festas. Falou cos seus compañeiros de despacho e non puxeron problemas. Os seus compañeiros teñen unha tarxeta de visita que pon CeG, sen nada máis e esqueceulle darlla aos membros da comisión. Á volta da viaxe a Eslovaquia, o primeiro día da festa, atópase co presidente e dille que se esqueceu de darlle a tarxeta, pero que van colaborar do mesmo xeito.

Soubou da publicidade cando alguén o colgou no facebook. Descoñece de onde sacaron a publicidade os da comisión de festas, e o logo que aparece hai máis de oito anos que non o utiliza o despacho.

Se pregunta se preferiría que non saíse o seu nome e apelidos, respóndelle que si.

--Sobre a convocatoria de subvencións da Deputación de A Coruña a concellos da provincia en materia de medio ambiente, di que non se esqueceron. Analizaron a situación e naquel momento consideraron que eran máis as cargas cós beneficios e decidiron non solicitala.

--Respecto ao o cambio das marquesiñas, di que toman nota.

--Sobre o catálogo de símbolos franquistas, di que está sen empezar.

--Respecto aos vídeos dos plenos en Youtube, di que xa están colgados.

-- Sobre o arranxo das filtracións de auga que hai no teito do local de San Pedro de Sarandón di que xa o están mirando.

--Respecto a que certa empresa tivo unha baixa importante na contratación co concello, di que o descoñece. Mirarao e contestaralle. En calquera caso, de existir esa baixa, seguro que ten unha explicación razoada e razoable e non tería nada que ver con que o fillo do dono fose na candidatura do PSdeG-PSOE.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

-- Ás relacionadas coa Droguería-Ferretería El Sol, xa están contestadas.

-- Sobre a iluminación pública na aldea de Paradela, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que segundo lle comentaron os responsables da empresa de mantemento que é debido ao cambio dos cadros da iluminación pública, que contan coas medidas de protección esixidas e calquera roce cunha árbore ou outro elemento fai saltar o automático. Avanzouse no boletín municipal que é posible que poida pasar isto en varas ocasións no inverno por este feito. A medida que se vaian cambiando deixará de existir ese problema.

-- Respecto á distribución do boletín municipal, di que a fai Correos sempre.

-- Sobre a participación nesta edición do Vedra de tapas, e cales foron as puntuacións, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que a participación foi de dez establecementos con dúas tapas cada un e a puntuación e a que segue:

Fricandó de tenreira	220	Fabada de Lourdes	211
Luriña ao Pedro Ximénez	193	Torta de Ana	237
Pataca ao rancho	254	Volován con pisto de ovo	253
Caldo do Ferrador	185	O viño da taberna	163
Bacallau ao forno	234	Cazola de xarrete asado	241
Matrimonio de anchoa	154	Potaxe de garavanzos	124
Fabas con ameixa	263	Torta de queixo	299
Fricasé de polo	227	Faixaña picante con piña	237
Croca con salsa	348	Capricho da Gándara	358

De todos os xeitos calquera consulta ao respecto está todo no expediente correspondente. O sorteo é público e invítase á xente a vir ao reconto.

-- Respecto á convocatoria da comisión de urbanismo para informar do estado do polígono industrial, di que a convocará para que veña Fermín e explique cal é a situación actual.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Sobre o cociente de nenos por monitor na ludoteca, cédelle a palabra a dona Susana García, do PP, que di que o 30/10/2019 quedou rexistrado o contrato dunha nova monitora, cuxo proceso de selección levaba máis de dúas semanas en marcha. Xa se cumpre o cociente que pide a lei.

-- Respecto a se o pendello do Sr. González Couto ten licenza ou non, xa está contestada.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:



-- Sobre se a demora que se vai producir na obra do velódromo lle afecta á moción presentada para a construción do skate park, di que xa está contestada.

-- Respecto o espazo para a venda de pedra en Illobre, di que xa está contestada.

-- Sobre se na proba práctica para acceder á praza de conserxe municipal consistía en cronometrar o tempo que se tarda en cambiar unha lámpada, a Presidencia di que non lle corresponde contestar a iso porque non interveñen para nada nas probas e tribunais de selección.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se cronometrar un cambio dunha lámpada pode ser un criterio.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que esa pregunta hai que facerlla á mesa de selección, que debe facerse a outro nivel e non debe contestarse en pleno. Como formou parte da mesa de selección, di que a mesma considerou esa proba como puido ser outra calquera.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, aclara que como parte da oposición, o seu traballo é fiscalizar o que acontece no concello. Ten todo o dereito a facer esa pregunta e calquera outra, sempre con educación.

O Sr. Secretario replica que non lle nega que faga as preguntas con educación, é máis, esíxelle que así sexa. Por outra parte, está en todo o dereito a non contestar esa pregunta porque non é concelleiro, simplemente membro da mesa contratación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, insiste na pregunta de se considera que unha proba onde se cronometra o tempo de cambiar unha lámpada, formando parte dunha mesa de contratación, é razoable.

O Sr. Secretario di que pode ser razoable ou non, xa que el non é técnico.

-- Respecto se falou cos veciños de Bazar do emprazamento da depuradora, a Presidencia di que non comparte os comentarios que fixo sobre o tema, e que o emprazamento foi establecido mediante criterios técnicos.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que o criterio é que está separada 70,150,200 m. de núcleos habitados. É dicir, non é un criterio. Teoricamente debería estar separado 2.000 m. existe unha modificación sobre unha lexislación que permite iso. A pregunta era se falaran cos veciños porque as propiedades inmobiliarias desa aldea no momento en que a depuradora se poña a traballar, decaerán no seu prezo, sufrindo os veciños unha minoración patrimonial. Cre que a colocación da depuradora non é a correcta, independentemente do criterio técnico, porque ao lado dunha depuradora non merca unha casa ninguén.

A Presidencia contesta que o emprazamento está motivado por criterios técnicos e non foi consultado cos veciños.

-- Sobre o feito de anunciarse nas festas parroquiais, di que xa está contestada.

-- Respecto ás viaxes a Arxentina, a Presidencia di que non comparte as súas opinións.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que a pregunta era de onde sae o financiamento desas viaxes, se do orzamento municipal ou do peto do Sr. Alcalde.

A Presidencia contesta que todas as viaxes que fixo a Arxentina saíron todas do seu peto e esta tamén.



-- Ás preguntas do dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

-- Sobre o local social de San Miguel di que xa está contestada.

-- Respecto á comisión asesora, cédelle a palabra a dona Susana Lema, do PP, que di que xa o comentara o outro día. Proximamente vaise constituír a comisión e será informada oportunamente en tempo e forma.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, sinala que é unha comisión que se vai formar e dende xuño aínda non está configurada. Pregunta se vai ser neste ano, no próximo ou antes das próximas eleccións municipais.

Dona Susana García, do PP, di que será antes.

Solicita a palabra o Sr. Secretario e que lle permitan o seu dereito á defensa ante o ataque á súa profesionalidade por parte, sobre todo do voceiro do grupo do BNG-AA, con respecto ao expediente de efectos inútiles dos xa famosos tractor e furgoneta municipais.

Informado de dito expediente pola acta da Xunta de Goberno, o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, presentou o que pretendía ser un recurso extraordinario de revisión, cuxo contido en canto a forma e legalidade administrativa é un auténtico despropósito.

Por parte da Secretaría analizouse o contido do mesmo de xeito obxectivo, sen ningunha análise que dera pé á subxectividade, coas conclusións xa coñecidas.

Como o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anunciara en pleno, presentou unha denuncia no Consello de Contas, iso si, sen incorporar o informe de Secretaría-intervención. O Consello de Contas directamente acordou arquivar a denuncia por non terse posto de manifesto indicios suficientes de irregularidades. O Sr. Secretario mostra a comunicación do Consello de Contas e este é moi distinto do que o Sr. Pose Rodríguez publica no Facebook, terxiversando dito acordo do Consello de Contas, cando escribe entre comiñas, supostamente literal, “que se arquivaron porque o Consello de Contas non veu suficientes irregularidades”. Suficientes regularidades non ten que ver con indicios suficientes de irregularidades”.

Tamén presentou unha denuncia no Colexio de secretarios, sen incorporar tampouco o informe de Secretaría-intervención. Esta denuncia tómaa o Sr. Secretario como un ataque directo ao exercicio da súa profesión. Un ataque gratuito.

Di que está esperando con ansiedade o requirimento da Fiscalía, se é que chega, e ao final verase quen ten que ir declarar. Segundo o Sr. Pose Rodríguez, ningunha denuncia prospera e é unha mostra de como está montado o sistema. Seguramente preferiría que o sistema fose outro que sempre lle dera a razón aínda que non a tivera.

Como a isto se lle deu publicidade, mesmo a un informe de Secretaría-intervención, todos os concelleiros aínda que non sexan do grupo do goberno, deberían saber que ademais de dereitos tamén existen obrigas, e en diversos medios deuse conta da interpretación interesada e nesgada dos feitos. Estas versións, sobre todo nas redes sociais, son caldo de cultivo para que certos elementos, que inclúen entre outros a indignos aspirantes a polemistas, xuíces estrela ou mancos de Lepanto, sigan facendo comentarios, descualificacións, viñetas pretendidamente sarcásticas, carteis, críticas persoais, non só a políticos, senón a persoal do concello que teñen expresado con reiteración o seu malestar. A falta de consideración é manifesta e veremos en que acaba.



Por iso, e neste caso concreto, solicita e espera que partindo da presumible certeza, da dignidade de todos os membros da corporación, o grupo ou grupos que fixeron comentarios públicos errados sobre o expediente, fagan a conseguinte rectificación á que legalmente ten dereito, xa que a el aínda lle queda algo do sentido do ridículo.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para aclararlle ao Sr. Secretario, sen entrar en máis polémicas e sen rancor, que o que non pode entender é que decidira comunicar que o problema desa desistencia a seguir no Consello de Contas, realmente é porque non fixeron o requirimento a tempo. O Sr. Secretario fixo a comunicación desa circunstancia a través dun borrador dunha acta dunha Xunta de Goberno Local. Pregúntalle se considera que esa é a maneira de comunicar algo tan importante como é a desafección dun ben público, que ese é o problema.

Evidentemente, o colexio de secretarios, ao igual que tantos outros, é un órgano colexial que sempre vai defender os seus membros.

Di que sabe perfectamente onde vai parar o colexio, o Consello de Contas e a Fiscalía, pero cre que ten todo o dereito a patexar, porque é unha barbaridade e non o entende ningún veciño e teñen dereito a saber o que pasou.

Intervén de novo o Sr. Secretario para dicir que persoalmente non ten nada en contra del, pero que sempre hai uns límites. Pode pensar na boa fe, pero cando se pisa unha, dúas e tres veces non pode ser así.

Se o grupo do BNG-AA ou o seu portavoz presentou un recurso especial de revisión que non reúne os requisitos, como se lle comunicou cando se rexeitou, nin estaba en tempo nin reunía os requisitos mínimos que ten que reunir un recurso extraordinario. Esas son cuestións obxectivas, polo tanto aínda que se quixera facer o contrario non se podería informar. Unha vez falado co Sr. Alcalde tivo o detalle de explicarlle porque ese suposto recurso que presentou non tiña nin pés nin cabeza, e analizouse con obxectividade.

Cre que publicar cousas sen encomendarse nin a Deus nin ao diaño, non é correcto; xa que hai unha parte que é a política e hai outra que non é política e da cal non forma el só parte e hai persoal que está moi cansado dese proceder.

O SR. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que ten dereito a recorrer a eses órganos, que están para iso e tamén xa sabe onde van parar. Di que o Sr. Secretario ten todo o dereito a dicirlle que o van tumbar polo camiño, pero eses órganos están aí para que se usen e ten todo o dereito a recorrer á Fiscalía.

Replica o Sr. Secretario que cando existe un informe dun profesional obxectivo e se leva aos extremos que se levou neste caso, cre que é excederse moito.

7.- Acordo sobre toma de coñecemento da renuncia de don Ramón Manuel Lago Lestón ao seu cargo de concelleiro desta corporación.

Dáse conta do escrito núm. 1892/19 presentado por don Manuel Ramón Lago Lestón, membro desta corporación, no que presenta a súa renuncia voluntaria ao cargo de concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que ocupa dende que tomou posesión o pasado 15 de xuño, despois de celebradas as Eleccións Municipais do día vinte e seis de maio.

Dáse conta así mesmo dos escritos núm. 1893/19 e 1894/19 nos que don Manuel Pazos Cutrín e dona Belén Gómez Tacón respectivamente, renuncian tamén a ocupar o posto de concelleiro/a desta corporación.



Considerando o disposto ao efecto no artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e nos artigos 15.2, 19.1.1) e 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente na Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2013, sobre substitución de cargos representativos locais.

PROPONSE:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro pertencente ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

Segundo.- Declarar a vacante dun posto de concelleiro/a pertencente ao citado Grupo Político Municipal.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electo, a favor de don Carlos García Cutrín, seguinte na lista dos que concorreron nas últimas Eleccións Locais polo PSdeG-PSOE, para que poida tomar posesión do seu cargo.

Intervén o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, para manifestar que leva catro anos na corporación e déixaa igual de pobre que de rico; que non veu á política para facerse rico. Di que foron catro anos nos que tivo que poñer na balanza o exercicio político e a vida familiar e profesional e finalmente gañou a familia e o traballo. Quere deixar claro que non se vai por ningún tipo de malentendido nin mala relación cos membros da corporación nin familiares. Marcha porque quere, porque hai xente que necesita del máis cá política.

Foron catro anos duros, nos que as cousas boas superan as malas, e sobre todo o último ano foi moi duro. Sabe que máis de unha persoa estaba desexando ver a súa cabeza pendurando dunha pica, e a esas persoas dilles que por responsabilidade política e debéndose aos militantes do PSdeG-PSOE non marchou, pero agora mesmo a situación é insostible e necesita deberse a outros temas.

Tamén lles desexa a todos o mellor na vida e profesión, aínda que a nivel político deséxalles o mellor á parte esquerda da mesa do pleno. Espera que todo o que aconteceu no pleno quede dentro do mesmo e non se leve a fóra. Cre sinceramente que todos pensan no mesmo: no ben dos veciños de Vedra, aínda que uns máis ca outros.

Di que sempre estará disposto a botar unha man ao PSdeG-PSOE e aos veciños e veciñas de Vedra, e a algunhas persoas botaraas moito de menos e a outras non tanto, pero quere que saiban que teñen un veciño, un amigo.

Dálle as grazas á súa familia por todo o que tivo que aguantar e a todas as persoas que o axudaron neste tempo.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para dicir que foi un pracer coincidir con el na corporación, e que a etapa política acabará para todos, mesmo para o Sr. Alcalde ao que lle quedan tres anos.

A Presidencia, en nome do PP e do seu propio, agradece o labor como concelleiro en favor da veciñanza. Comparte a reflexión que fixo sobre a familia, motivo polo cal dentro de tres anos el tamén deixará a Alcaldía. Deséxalle sorte na vida persoal e laboral e dille que ten as portas abertas para o que precise.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, dálle as grazas por todo o que fixo nestes catro anos duros que compartiron e respectan a súa decisión,



8.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Sobre o audio do pleno a Presidencia comentou que se debera a un fallo técnico dun dos micrófonos. Ao respecto quere manifestar a súa desconfianza sobre ese fallo, así como o malestar pola resposta do Sr. Secretario respecto da acta do pleno anterior. Cre que non son maleducados nin están mal acostumados. Simplemente preguntou un venres porque non recibiran a acta, cando o seguinte pleno era un mércores e cre que non se merecen que lle conteste desa forma.

Espera que non se repita o tema do audio, porque falando cun experto, un técnico de son, díxolles que fora manipulado.

Intervén o Sr. Secretario para dicir, sen acritude, que a resposta ás veces vén en función de como sexa a pregunta. El ten por norma que se lle preguntan nun ton normal, contesta nun ton normal; se lle preguntan con imposicións, contesta no mesmo ton.

O Sr. Secretario da lectura dun artigo do regulamento de organización que di: “a la convocatoria de las sesiones se le acompañará el orden del día comprensivo de los asuntos a tratar con suficiente detalle y los borradores de actas de sesiones anteriores que deban ser aprobadas”. Non teñen que ser as actas e ademais non existe ningún prexuízo para que se aprobe nunha sesión ou noutra. Non tiña a obriga de presentar esa acta neste pleno.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que tamén ten artigos nos que se di que a obriga do Sr. Secretario é ter a acta do pleno anterior. Concretamente o ROF, no seu artigo 91 “alude al acta de la sesión anterior se refiere a la cronológicamente anterior, sea ordinaria, extraordinaria o la llamada sesión constitutiva. Por tanto, el primer punto del orden del día de cada sesión debe constituirlo la aprobación del acta anterior, y de lo contrario se actuaría de forma irregular, pues dicha premisa tiene carácter obligatorio”.

2º.- Quere presentar unha queixa pola convocatoria a unha comisión de urbanismo, e retirouse da orde do día porque faltaba un informe. Pregunta para que os convocan se falta un informe e quen non está a facer o seu traballo. Solicita máis rigor.

3º.- Respecto ao tema da iluminación pública, di que efectivamente saíu a información no boletín municipal, pero que o teléfono de contacto está mal.

O Sr. Vázquez Martínez, do PP, responde que é un erro, pero que tamén se puxo o número móbil ao que chamar e mesmo hai xente que segue chamando ao concello para comunicar as avarías.

4º.- Este mes recibiu o boletín o día 12, e como ela máis veciños. A axenda prevista para o mes xa pasou máis da metade. Cre que non é un bo funcionamento.

5º.- Quere presentar unha queixa achegada por algúns veciños respecto do tellado da nave da estación onde a banda de música de Santa Cruz ensaia e realiza algún festival. Parece ser que o tellado é de uralita. Pregunta se se chegou a cambiar ese tellado. No caso de non ser así, solicita que s saque ese material que ten amianto e se substitúa.

6º.- Solicita que o concello faga as xestións pertinentes diante da Xunta de Galicia para que a liña de datos da que dispón o concello teña máis capacidade e sexa máis eficiente. Parece ser que lle dificulta o traballo aos empregados municipais cando teñen que subir un arquivo que pese máis de un mega, xa que os bota fóra. Pregunta cal é o motivo de este concello estea nesta situación cando outros non o están.



7º.- Ensináronlle fotos da Semana de Vedra nas Cancelas e non viu o logo do concello de Vedra por ningún lado. Pregunta se tivo algún custe para o concello o uso desas instalacións.

8º.- Veciños de San Xián trasladáronlle un mal funcionamento da depuradora. Cónstalle que vai haber unha ampliación, e pregunta se funciona mal e cal é a capacidade desa depuradora.

9º.- En canto aos datos facilitados sobre as compras en Droguería-Ferretería El Sol, ten unha discrepancia en canto aos números facilitados no ano 2018 de dez mil euros. Roga que o aclare no próximo pleno,

A Presidencia responde que había unha anotación contable que estaba mal de dez mil euros,

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta cal é o erro, porque sumaron todas e cada unha das facturas que constan nas Xuntas de Goberno.

A Presidencia replica que pediu os datos en contabilidade e ao mellor existen facturas que están contabilizadas en anos diferentes.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que entón o erro tería que estar no 2019 e non no 2018.

A Presidencia responde que pode preguntar en contabilidade. Eses dez mil euros coincide cunha anotación contable que estaba mal.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, solicita a relación de facturas e recórdalle que deixou sen contestar cal era o importe total dende xaneiro do 2015.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Gustaríalle saber cal é a implicación de El Corte Inglés e se subvenciona algo da viaxe a Arxentina, xa que aparece o seu logo no boletín en portada.

Pide desculpas polas maneiras nas que se referiu a dona Susana García. Descúlpase polas formas, non polo contido.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Solicita a planificación temporal dos estudos ou proxectos das modificacións parciais do PXOM que propuxeron na campaña electoral para ver as zonas de actuación. Pregunta cando van presentar eses proxectos e cando van falar cos veciños afectados.

2º.- Solicita que se acometa á maior brevidade posible, dado que non figura no orzamento, a posta a punto da escola infantil de Vedra.

3º.- Pregunta se existe algún traballador ou traballadora asignado ao labor de revisión lingüística na RPT do concello. Solicita que se non existe na RPT, que se asigne un traballador a ese labor e que non volva saír un documento do concello dese xeito, porque ao final o concello son todos e é unha vergoña que sofren todos. Sinala que o documento que sacou despois o concello segue contendo erros.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Pregúntalle ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, cales son os criterios para a situación dos novos farois, se é que hai algún, xa que existen queixas dos veciños.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Pregunta que custe tivo para o concello a Semana de Vedra nas Cancelas, cales eran os obxectivos fixados e se se cumpriron.

Por outro lado, gustaríalle saber se cre o grupo de goberno que é unha forma de promover o concello tres días de disco móbil.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.